

A provincia de Pontevedra atesoura un magnífico patrimonio de castelos, fortalezas e torres que gardan a memoria dun pasado épico. Os lugares vinculados á figura e liñaxe de Pedro Álvarez de Sotomayor, coñecido como Pedro Madruga, personaxe imprescindible na Galicia do século XV, representan un excelente fío condutor para percorrer estas excepcionais testemuñas da historia en pedra.

1. CASTELO DE SOUTOMAIOR

Localidade: Soutomaior
(42.329568; -8.568442)

Información: morada do coñecido batallador Pedro Madruga, é un dos grandes monumentos das Rías Baixas. Ademais do castelo, destaca o impresionante xardín declarado de Excelencia Internacional, con máis de 200 variedades de camelia.



2. TORRE DE FORNELOS

Localidade: Crecente
(42.148237; -8.234911)

Información: a primeira referencia sobre esta torre data do século XII. Situada preto do río Miño, posiblemente esta fortaleza estaba pensada para vixiar Portugal, o país veciño co que se disputaron varias batallas.



3. CASTELO DE SOBROSO

Localidade: Mondariz
(42.205967; -8.463646)

Información: desde a torre da Homenaxe divisase a comarca do Condado. Esta situación privilexiada e dominante permitiu que a fortaleza fose a chave para a entrada ao Reino de Galicia.



4. CASTELO DE SALVATERRA DE MIÑO

Localidade: Salvaterra de Miño
(42.08031; -8.496259)

Información: coñecido tamén como o castelo medieval do Conde, foi construído no século XVII. Hoxe en día consérvase o recinto amurallado, que conta no seu interior coas covas de Dona Urraca, a capela da Virxe da Oliva e a casa do Conde. A súa situación como atalaia fronte ao río permite comprender a realidade histórica da comarca.



5. CIDADE DE TUI

Localidade: Tui
(42.049155; -8.64661)

Información: foi capital dunha das sete provincias do antigo Reino de Galicia. Hoxe en día é un referente patrimonial e cultural, cun dos conxuntos históricos mellor conservados de Galicia.



6. FORTALEZA DE MONTE BOI

Localidade: Baiona
(42.12553; -8.849933)

Información: coñecida tamén como fortaleza de Monterreal, tomou este nome porque a península onde está situada chámase Monte Boi. A vila de Baiona foi declarada Conxunto de Interese Histórico Artístico en 1993, cando se conmemorou o quinto centenario da arribada da carabela Pinta.



7. CIDADE DE VIGO

Localidade: Vigo
(42.240559; -8.720727)

Información: coñecida tamén como a Cidade Olívica, é a maior cidade de Galicia. Ofrece unha imaxe dos diferentes períodos históricos, pero, sen dúbida, no Casco Vello atópase unha fermosa estampa do Vigo máis medieval.



8. TORRE DA LANZADA

Localidade: Sanxenxo
(42.426937; -8.874348)

Información: asentada sobre o mar, foi testemuña de innumerables invasións nas Rías Baixas. É o último vestixio dun castelo do século X construído sobre os restos dun antigo faro.



9. TORRE DE SAN SADURNIÑO

Localidade: Cambados
(42.507673; -8.821539)

Información: situada no actual barrio mariñeiro de San Tomé, foi construída no século X. Paseando polo conxunto histórico de Cambados detéctase enseguida que a historia foi xenerosa co lugar.






- | | |
|----------------------------------|---------------------------|
| 1. Castelo de Soutomaior | 6. Fortaleza de Monte Boi |
| 2. Torre de Fornelos | 7. Cidade de Vigo |
| 3. Castelo de Sobroso | 8. Torre da Lanzada |
| 4. Castelo de Salvaterra de Miño | 9. Torre de San Sadurniño |
| 5. Cidade de Tui | |

Depósito Legal: PO 215-2018

Somos historias



MADRUGAS, PEDRO?